

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2017 | V.O.S.E. | +12

*Handia* (2017, 114')

**Dirección:** Aitor Arregi & Jon Garaño

**Guión:** Aitor Arregi, Jon Garaño, Jose Mari Goenaga, Andoni de Carlos

**Elenco:** Ramón Agirre, Eneko Sagardoy, Joseba Usabiaga, Aia Kruse, Iñigo Aranburu, Iñigo Azpitarte

**Son:** Iñaki Díez, Xanti Salvador

**Montaxe:** Laurent Dufreche, Raúl López

**Fotografía:** Javier Agirre

**Dirección de arte:** Susana Seguro

**Vestuario:** Saioa Lara

**Música:** Pascal Gaigne

**Produtoras:** Irusoin, Kowalski Films, Moriarti Produktzioak (España)

**Distribuidora:** A Contracorriente

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Éuscaro

## FILMOGRAFÍA JON GARAÑO

*Loreak (Flores)*, 2014

*Urrezko Eraztuna (El anillo de oro)*, 2011 [curtametraxe]

*80 Eugenean (En 80 días)*, 2010

*Perurena*, 2010

## FILMOGRAFÍA AITOR ARREGI

*La compró en Zarautz*, 2014 [curtametraxe]

*Lucio*, 2007 [con José María Goenaga]

*Cristóbal Molón*, 2006 [con Iñigo Berasategi]

*Glup, una aventura sin desperdicio*, 2004 [con Iñigo Berasategi]

## SINOPSE

Tras loitar na Primeira Guerra Carlista, Martín volve ao seu caserío familiar en Gipuzkoa e alí descobre con sorpresa que seu irmán menor, Joaquín, é moito máis alto do normal. Convencido de que todo o mundo quere pagar por ver ao home máis grande sobre a Terra, ambos irmáns se embarcan nunha longa viaxe por Europa na que a ambición, o diñeiro e a sona mudarán para sempre o destino da familia. Unha historia inspirada en feitos reais.

«Un desacougante universo con complexidade, sutileza, emoción e verdade»

Carlos Boyero, EL PAÍS



## “Handia móvese entre o íntimo e o épico”

Entrevista con Jon Garaño e Aitor Arregi

Por Araitx Garmendia

### Logo do éxito de *Loreak* (2014), que expectativas teñen con *Handia*?

Jon Garaño (JG): Son filmes diferentes. Ambos arrancan no mesmo punto: *Handia*, como *Loreak*, presentouse no Zinemaldi. A partir de aí o camiño que faga cada un pode ser moi distinto. *Loreak* saíu moi fortalecido do Festival xa que, aínda que non gañou ningún premio, a crítica falou moi ben del. Colleu forza e foi medrando: chegou a nominación aos Goya e a candidatura aos Oscar, ao que despois se sumou o seu percorrido por outros festivais. Fixo un camiño fermoso e gustaríanos repetir con *Handia*, mais sabemos que é un filme diferente.

### *Handia* está ambientado no século XIX, que esforzo supuxo ese contexto?

Aitor Arregi (AA): O esforzo de recrear o século XIX cun xigante foi un reto moi importante. Por unha banda, non tiñamos experiencia neste tema e ao comezo custounos. Por outro lado é un filme que se move entre o íntimo e o épico, xa que narra a historia de dous irmáns dentro dun contexto grande e cheo de viaxes. A creación dun mundo que xa non existe é un desafío, posto que aínda que ten un punto de conto é unha historia realista.

Fixémolo sabendo que rompíamos co anterior e un dos alicientes desta longametraxe era abrir unha porta a algo que non tiñamos explorado.

### Por que lle atraeu a historia do xigante de Altzo? JG:

Todo comezou cunha excursión que fixemos ao museo de San Telmo, onde hai pertenzas do xigante: zapatos enormes, a súa cadeira, un sombreiro e mesmo un gravado da época. Cando comecei a dedicarme ao cinema tentei convencer aos meus socios para facer unha longametraxe sobre el. Por casualidade, un guionista, Andoni de Carlos, tamén tiña a idea de facer un filme sobre o xigante de Altzo. A súa idea era un filme de animación, algo totalmente distinto ao que queríamos facer nós, mais compartíamos o mesmo espírito e personaxe. Andoni escribiu unha primeira versión do guión e, máis tarde, unímonos Aitor, José Mari Goenaga e máis eu.

### Como foi o cásting para escoller a Eneko Sagardoy como o xigante?

AA: Foi un cásting cirúrxico, máis ca facer un chamamento estudamos os personaxes e as fotografías de posibles actores. Ao ser unha historia de dous irmáns, debíamos escoller o xigante e alguén que encaixase como o seu irmán Martín. Ten que haber química e atopar esa combinación levounos moito tempo. Eneko era o intérprete ideal para encarnar o xigante. Eu ao comezo non o vía, porque foi alumno meu e velo como actor do proxecto custoume, mais tiven que me render ante a evidencia.

### A historia baséase nun personaxe real, onde se documentaron?

JG: É un personaxe real, mais non hai moito escrito sobre el. Atopamos recortes de xornais da época onde se anuncia a súa chegada ás cidades. O proceso foi interesante xa que, entre os documentos que había, existían moitas contradicións. Decatámonos de que moitas cousas tiñan que ser inventadas. Todo iso fíxonos preguntarnos en que momento ese personaxe que foi real deixou de selo e se converteu nun mito.

### Volveron rodar en éuscaro. JG:

É o idioma no que os personaxes principais falan. Porén, viaxan moito, por iso hai partes en castelán, francés e inglés. Tamén nos gusta dicir que hai seis idiomas, porque conta cunha frase en portugués e outra en árabe. Que sexa en éuscaro é unha cuestión que está na raíz do proxecto, porque fai a película moito máis críbel. Na realidade eran persoas que saberían pouco de castelán, quizais o foron aprendendo co paso do tempo, e gústanos reflectir esa idea.

### Limita o éuscaro a súa distribución?

JG: Pasounos con *Loreak*, que para estrea nalgúns lugares do Estado tivemos que dobralo. Internacionalmente hai poucos países que dobren, polo que a limitación é menor do que se podería pensar.

Publicado en [www.noticiasdealava.com/](http://www.noticiasdealava.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

*Loreak*, Jon Garaño & José María Goenaga.  
Karma [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónate  
e ven sempre  
por  
**4,5€**

**Faite  
NUMAX!**